

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, o día 12 de xullo de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
Enrique Barreiro Sánchez
(Vicepresidente)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Victor Manuel Baladrón Lamas
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Jesús María Fernández Rosende
Paula Mouzo Mas
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Silvia Longueira Castro
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecente:

Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

Letrada:

Raquel Rodríguez Carro

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 6534 (12/CPC-000007)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia,
por petición propia, para presentar a memoria de servizo público da
Corporación correspondente ao exercicio de 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida ao director xeral da CRTVG, concédelle a palabra e infórmalle que para esta primeira rolda contará cun tempo ilimitado.

Xa que logo, toma a palabra o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, que pasa a presentar a memoria de servizo público da Corporación correspondente ao exercicio de 2023.

A continuación, a presidenta abre unha rolda de grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos, para que os seus portavoces formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a anterior información, na que fan uso da palabra as **señoras: Longueira Castro, Silvia (S), Rodil Fernández, Olalla (BNG), e Pomar Tojo, Carmen María (P).**

Ao remate das anteriores intervencións a presidenta concédelle de novo a palabra por un tempo de 10 minutos, ao **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, quen contesta ás cuestións e consideracións formuladas polas señoras deputadas.

A Presidencia abre unha segunda rolda de grupos parlamentarios por un tempo de 5 minutos para precisións, na que interveñen as **señoras: Longueira Castro, Silvia (S), Rodil Fernández, Olalla (BNG), e Pomar Tojo, Carmen María (P).**

Finalmente intervén o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, responde ás cuestións formuladas e con cuxa intervención se pecha o debate da comparecencia.

Punto 2. Preguntas

2.1 5710 (12/POC-000803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre as externalizacións de servizos para o estudio 300 da TVG, os investimentos que se realizaron nel nos últimos cinco anos e as razóns de non recorrer a persoal propio para estes traballos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f2, do 19.06.2024

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, para dar resposta ás cuestións formuladas pola señora deputada.

Na rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, expón novas consideracións sobre a información recibida.

O **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

2.2 6105 (12/POC-000872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 5 máis

Sobre o nivel de defensa e promoción da lingua galega por parte da CRTVG e as medidas previstas para fomentar o seu uso

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f2, do 26.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Castro García, Daniel (BNG)**, que pasa a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica o **señor Castro García, Daniel (BNG)**, manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, **Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

A Presidencia agradécelle ao señor Sánchez Izquierdo, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión, así como ao persoal da Cámara polos servizos prestados.

Remata a sesión ás 13:05 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcripción literal do punto 1º. da orde do día.)

**Raquel Arias
Rodríguez**

Firmado digitalmente por Raquel
Arias Rodríguez
Nombre de correo electrónico (DN)
cn=Raquel Arias Rodríguez,
email=raquel.arias.rodriguez@parl
amentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.21 10:15:02 +01'00'

**Alexandra
Fernández
Gómez**

Firmado
digitalmente por
Alexandra
Fernández Gómez
Fecha: 2024.11.21
09:01:11 +01'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión

**ANEXO ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE, NON
LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG, DO DÍA 12 DE
XULLO DE 2024**

- Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia

(Ábrese a sesión ás 10.30 horas).

A presidenta (Arias Rodríguez): Bos días.

Damos comezo a unha nova sesión da Comisión de Control da CRTVG, ademais neste caso a última deste período de sesións.

Prégolle á señora secretaria que dea lectura á relación de membros da comisión aos efectos de quórum.

A secretaria (Fernández Gómez): Ola, moi bo día.

(A secretaria procede a dar lectura da relación de asistentes.)

A presidenta (Arias Rodríguez): Grazas, secretaria.

Habendo quórum, damos inicio á sesión.

Punto 1. Comparecencia do director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, do señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar a memoria de servizo público correspondente ao exercicio 2023 desta Corporación.

Dámoslle a benvida ao señor director xeral e explicamos un pouco como se vai a desenvolver esta comisión.

Constará dunha primeira intervención esta comparecencia, unha primeira intervención do comparecente por un tempo indicativo de 30 minutos; a continuación os grupos parlamentarios disporán dunha primeira rolda de 10 minutos para formular as cuestións que consideren oportunas, ás que se lle contestará por parte do señor comparecente por un tempo indicativo de 10 minutos. Haberá despois unha segunda rolda para os grupos parlamentarios por un tempo de 5 minutos neste caso e peche do comparecente.

Sen máis, damos a benvida ao señor director xeral, señor Sánchez Izquierdo, unha vez máis a esta comisión e dámoslle tamén a palabra para a súa comparecencia.

O director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Sánchez Izquierdo): Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señorías.

Un pracer atoparme outra vez entre vostedes porque coa comparecencia de hoxe para a presentación da Memoria de servizo público que corresponde o ano 2023,

estamos en xuño do 2024, pero os ritmos son os que son e habitualmente neste mes de xuño é cando presentamos a memoria de servizo público do ano anterior.

Todo isto vén despois da rendición de contas que fixemos o pasado mes, e con esta Memoria do servizo público damos cumprimento ao estipulado na Lei 9/2011 dos medios públicos de Galicia.

Lembro neste punto que este informe pasará tamén a conformar o corpus documental que queda ao dispor da cidadanía no Portal de Transparencia da CRTVG, onde tamén se pode consultar información recadada en documentos como os estados de información non financeira, o informe da CRTVG en cifras, entre outros. Tamén lembro que este documento foi presentado recentemente ante o Consello de Administración da nosa Corporación.

A Memoria de servizo público reúne nun formato e estilo de redacción manexable como verán a actividade por departamentos da nosa Corporación, de xeito que sexa doado atopar os datos do impacto da Televisión de Galicia, da Radio Galega e de todas aquelas áreas de traballo transversais que resultan fundamentais para que sexa posible a prestación do servizo público.

Mantemos esta estrutura non só para facilitar a súa edición, senón tamén para facer máis sinxela a súa comparanza con edicións anteriores se se quere facer sobre o texto dalgunha clase de estudo ao respecto. Mais atoparán tamén un fío condutor interdepartamental que relaciona unhas áreas con outras e permite detallar un relato que responde á estratexia do servizo global dos medios de comunicación, que xa hai tempo que non son unha canle de televisión, por un lado, e unha canle de radio por outro. A data de hoxe somos moito máis.

Quen visite a CRTVG —aproveito por certo formalmente para estenderlles un convite aos integrantes desta comisión, nesta lexislatura que comeza para que veñan a visitarnos—, atopa un gran muro, quen nos visita, atopa un gran muro de pantallas a modo de *Wid world* no que temos permanentemente a mostra gráfica do servizo audiovisual de información e entretemento que é a Corporación, das súas canles TDT e dixitais e mesmo das redes sociais que serven de altofalante e de vía de comunicación inmediata coa cidadanía.

Pois isto mesmo reflicte o documento que teñen nas súas mans e que o repasarei, se me permiten, nos seus puntos principais nesta comparecencia.

Comezarei, seguindo o esquema do documento pola parte económica de Recursos humanos. En primeiro lugar, e como coñecen, a Corporación xestionou un orzamento definitivo no 2023 por importe de 126,7 millóns de euros; 115,8 millóns de euros excluindo a achega finalista destinada a tributos para financiar o sobrecusto do IVE por importe de 10,9 millóns euros, cos que se afrontaron os custos do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia. E a liquidación orzamentaria correspondente no

exercicio 2023 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 2.103.953 euros. Punto ao que se dedicou a comparecencia do pasado 28 de maio, polo que non afondarei hoxe nel.

Coas contas saneadas a Corporación retomou o 2023 o proceso de estabilización de emprego do persoal, que suporá a consolidación do 100 % do cadro de persoal. De feito, precisamente onte ou antonte se fixeron públicas xa as primeiras listaxes de avaliación do persoal deste proceso de consolidación. Isto significa que durante o noso mandato a Corporación pasou dun 40 % de temporalidade no emprego en 2009, a consolidar o 100 % do seu cadro de persoal. E fíxose isto último coa extraordinaria por insólita oposición dos sindicatos CIG, CUT e Comisións Obreiras, que conforman a maioría do comité de empresa da CRTVG. A finais de maio rematou o prazo de presentación de méritos e o proceso segue o seu curso en tempo e forma.

En termos de audiencia o 2023 rematou coa Televisión de Galicia cun 11 % de cota de pantalla na súa primeira canle, en concreto os espazos informativos da TVG foron os máis vistos de Galicia e no entretemento na franxa máis vista do día, o prime time, a TVG acadou en 2023 un 11,1 % de media, a cota máis elevada dos últimos sete anos.

Tamén a Radio Galega celebrou uns excelentes datos a finais de 2023, cando a terceira onda do EGM do ano revelou o maior dato de audiencia da súa historia, con 225.000 oíntes diarios de luns a venres e 188.000 de luns a domingo.

E no que respecta aos consumos dixitais, salientarei que no 2023 os incrementos do consumo de contidos a través de g24.gal, que é o noso portal informativo con respecto ao 2022, tivo aumentos de 213 % en páxinas vistas ou do 46 % ou do 52 % en usuarios e sesións respectivamente. É dicir, consolídase o interese dos galegos e das galegas polos servizos dixitais da información da Corporación.

Teñen todos os datos, os poden comprobar no capítulo V da Memoria, pero gustaríame lembrar o incremento do streaming da TVG, que medra un 242 % respecto do 2022. E podería seguir tamén co incremento do seguimento dos eventos deportivos da Radio Galega ou dos de Youtube.

En resumo, que a coñecida expresión Dixital First é unha realidade plena á que chegamos con todas as garantías de prestación de servizo despois duns anos de duro traballo na transición.

Retomando o esquema que segue á memoria de servizo público chego agora ao eido informativo, do que me gustaríame salientar, ademais das oportunidades que supoñen os avances técnicos e os investimentos en equipamento desenvolvidos, os esforzos realizados en 2023 para avanzar no relato visual e informativo con novos grafismos e, polo tanto, máis contexto nas noticias, o que redunda na mellora da comprensión por parte do espectador.

Tamén no 2023 intentamos estar máis en contacto co espectador. A TVG saíu aínda máis á rúa, incrementando o número de personalizacións que fan os xornalistas no lugar da noticia e as saídas dos propios programas informativos.

Tamén saímos dos platós para comunicar dende a redacción de Informativos na busca de últimas horas, con conexións diarias desde este punto.

E todo isto engade, en definitiva, máis axilidade e calidez nos programas informativos. Lembro aquí que no ano 2023 contou con dúas citas electorais moi importantes: unhas eleccións xerais e outras municipais; que implicaron un esforzo adicional de cobertura e despregamento técnico e humano.

Neste punto hai que sumar outro despregamento incesantes en comparación posible con calquera outra canle autonómica, que é o do Servizo de Deportes.

Cada fin de semana a TVG viaxa aos estadios e pavillóns para retransmitir o maior número posible de encontros e competicións, tanto masculinas como femininas.

No 2023 realizáronse un total de 384 retransmisións deportivas e máis da metade, 220, foron de produción propia.

Un dato máis. Só na categoría de fútbol de Primeira RFEF a Televisión de Galicia emitiu 48 partidos de equipos galegos polo acordo pechado coa Federación Española de fútbol.

Baloncesto, fútbol sala, balonmán, traíneiras, ademais de competicións de cross, vela, hípica, jockey ou campionatos de chave e billarda, por citar outros deportes que suman tamén horas de retransmisión en directo e participación e identificación dos medios públicos en eventos que interesan a milleiros de galegos máis aló do fútbol.

2023 foi tamén o exercicio no que se desenvolveron todas as melloras tecnolóxicas e de recursos que estamos a utilizar xa neste 2024, como o novo plató dos los servicios informativos ou a plataforma dixital estreada en xaneiro pasado.

Ata chegar esta nova escenografía dos espazos informativos houbo un intenso traballo previo de coordinación de departamentos, visitas técnicas e revisión de propostas, co que optimizar este forte e crucial investimento económico e de recursos humanos e técnicos. Hoxe xa contamos co novo plató cunha pantalla de 36 metros de longo e case 3 metros de altura e enorme potencial creativo, no que conflúen distintos espazos informativos.

No que respecta á Radio Galega tamén hai que falar da optimización dun espazo, neste caso estudo multimedia estreado en 2022, que se converteu nun punto imprescindible para a sinerxía Televisión e Radio, xa que permite emitir en simultáneo

contidos e programas tan referentes como Faladoiro, o programa Galicia por Diante, a Bola Extra, o Faladoiro da Crónica no serán ou o programa Pensando en ti das madrugadas.

Tamén facilita a xeración de contidos dixitais como vídeo podcats, o programa cultural Diario Cultural Zeta ou os informativos en formato vídeo para as redes sociais, como os producidos a partir do espazo deportivo Ao Contraataque.

Acompañando este despregamento da Radio e Televisión, potenciouse no ano o Portal g24.gal, como medio de información en tempo real. Dende esta sección dos servizos informativos, vital hoxe en día en calquera medio de proximidade, reforzouse o servizo de notificacións para alertar aos subscritores das informacións de última hora e das reportaxes máis relevantes.

Intensificáronse así mesmo as coberturas en directo no portal web e o seu seguimento a través das redes sociais, que atenden ás cuestións de última hora e eventos relevantes no noso país.

En canto aos contidos de entretemento. Quero salienta a aposta pola televisión en directo. Lembro neste punto que a TVG emite de luns a venres toda a mañá e toda a tarde en directo, agás o espazo de cociña que dura tan só uns 30 minutos, que si que está gravado. E as tardes de sábado e domingo de novo case a totalidade correspóndense con programas en directo.

Foi así no 2023, tamén así é hoxe como selo de identidade dunha canle que aposta pola proximidade e a información de aquí. Nesta liña é moi salientable, é máis se se compara con outras canles autonómicas, o feito de que o 94,9 % dos contidos emitidos pola TVG son producidos en Galicia. Nesta aposta pola proximidade enmárcase o compromiso coa industria audiovisual galega, co talento e co tecido empresarial galego.

Tamén no 2023 desenvolveuse un intenso labor no eido de programación infantil e xuvenil, que mantiveron unha oferta aproximada de 2.200 episodios en galego para consumo baixo demanda, coa vista posta na creación de xabarín.gal xa neste 2024, coa maior oferta para este público en lingua galega e con contidos exclusivos e dixital.

Queremos e temos que achegarnos á rapazada que consume os contidos que quere, onde quere e cando os quere.

Dende o departamento de contidos traballouse nisto e tamén na busca de formatos novos, tanto de produtoras externas como de produción propia interna, entre os que se pode citar programas de entretemento como Bicos e Bicas, Sala G, Soño contigo ou O tren que me leva a ti.

Gustaríame determe aquí para facer unha reflexión arredor do papel dinamizador do sector audiovisual por parte da Televisión de Galicia. O que nos motiva

é a participación en proxectos con valores de produción galegos e á vez apoiar aos creadores emerxentes. Xa o dixen moitas veces, a CRTVG non é un ente subvencionador. Non se trata dun frío papel económico, senón de buscar talento, apostar por el, acompañalo no seu percorrido e darlles difusión dentro das capacidades nosas.

Somos conscientes de que un bo número de profesionais e empresas produtoras que comezaron e medraron arredor da TVG son agora axentes importantes no sector, non só a escala nacional, senón internacional e é algo do que nos sentimos orgullosos.

Para a difusión dos nosos contidos unha plataforma dixital como a estreada neste 2024 supón un salto cualitativo, xa que nos permite colocar o talento creativo galego e a nosa lingua directamente no mercado internacional.

A maiores quero citar tamén dous novos formatos de entretemento cunha clara vocación de servizo público. Un deles de denuncia social con cámaras ocultas puxo en evidencia inxustizas e serviu de concienciación. Fálolles do programa Xente Marabillosa que puxo o foco en problemáticas sociais como o autismo, as enfermidades mentais, o uso do galego ou a loita contra o lume, entre outros.

E a de Tesouro ou lixo, outra aposta de prime time para un concurso para dar a coñecer obxectos de valor histórico da nosa comunidade.

Xente Marabillosa, por certo, gañou o premio de mellor programa das televisións autonómicas este ano.

Outro punto salientable da área de produción de contidos é o labor de cara ás redes sociais, non só no que respecta á difusión e alcance, senón no eido da produción propia. Así naceron ou se intensificaron neste 2023 espazos como Dígocho eu, ben coñecido por todos, pero tamén outros novos como no Carro da Música, o Programa musical do verán de 2023, feito coa técnica moullo, o xornalismo móbil e dirixido exclusivamente a redes sociais con entrevistas a artistas galegos emerxentes. Ou tamén Botando man do arquivo que pon en valor contidos audiovisuais históricos ou Virtudes TVG, con vídeos de humor en Instagram e Tiktok. E, por citar un máis, Apaga o candil, programa de Twitch que ten a xente nova como protagonista e que trata diferentes temas con convidados da mesma xeración.

Son estes chamados espazos nicho, pero non por iso menos importantes e, sobre todo, son contidos feitos por xente nova para a xente nova (non se entende) TDT, demostrado tamén que a relación da nosa Corporación co sector audiovisual vai máis aló da promoción do cinema ou de grandes series; abrangue programas de ficción, documentais, programas infantís, adquisicións de nova tecnoloxía para emitir en TDT, en canles dixitais, etcétera.

Citaba hai un momento o programa Digocho eu. Gustaríame resumir brevemente algúns datos deste proxecto que segue a ser unha das principais vías de conexión coa comunidade educativa, tanto con mestres como cos máis pequenos.

Quero facer aquí un recoñecemento expreso ao labor dos mestres da lingua galega, xa que a resposta dos centros escolares ás convocatorias de premios convocadas por Digocho eu, recae en moitos casos neles. No 2023 a gala dos segundos premios Digocho eu volveu á Cidade da Cultura en Santiago e foi emitida pola nosa canle. Acudiron máis de 700 nenos e nenas das catro provincias nunha acción de promoción e normalización da lingua galega entre rapazada, que marca ademais algúns dos récords de audiencia dixital do ano. Por exemplo un 25 % de incremento respecto do ano anterior, o ascenso e seguidores en Tiktok ata os 332.000 neste xullo de 2024, por destacar algún dato.

Nun eido mais corporativo quero destacar a continua actividade da Corporación na relación dentro do seu sector a nivel estatal, tamén a nivel internacional. Como saben a TVG conta cun marco establecido de relación coa RTP portuguesa e co sector audiovisual portugués. É membro consolidado das redes de traballo europeas como CIRCOM ou as canles agrupadas no Celtic Media. A CRTVG participa nelas para poñer en valor os produtos audiovisuais galegos na contorna internacional, e para establecer ou manter sinerxías coas televisións internacionais europeas.

Este labor posibilita, entre outras cousas, acordos de cesión de contidos e proxectos comúns e os seus foros supoñen un interesante espazo de traballo do que xorden proxectos audiovisuais e intercambio de coñecemento.

No caso concreto de Portugal a relación é moi estreita e con ela damos resposta á realidade social de moitas comarcas fronteirizas para as que aínda é máis natural a relación constante. Aproveitamos no posible a riqueza do intercambio social, educativo e lingüístico entre Galicia e Portugal, e mantemos unha liña de traballo aberta coa RTP e co sector audiovisual portugués.

Neste 2023 é obrigado salientar a coprodución conxunta da serie de ficción Motel Valkirías que, por certo, acadou o premio Europeo CIRCOM, o décimo premio internacional para unha produción da CRTVG ou o programa Aquí Portugal emitido simultaneamente.

Por certo, que esta semana pasada repetimos experiencia cunha nova entrega deste programa dende o porto da Guarda, con arredor de seis horas de directo.

Chegados a este punto, é obrigado incluír una mención ao traballo no que afrontou a área do arquivo da Corporación, cal dixitalización da produción de contidos é implantada e interiorizada, a reordenación do arquivo histórico da CRTVG vai completar a recuperación de fondos non rexistrados ata a data e a posta a disposición das redaccións de milleiros de horas de programas das últimas décadas.

Este labor é inxente e o equipo de documentación e arquivo pechou o 2023 con 300.000 horas xa dixitalizadas, tanto de programas de entretemento como de informativos, deportes ou fondos de axencias.

Na área de responsabilidade social corporativa, seguimos un ano máis apostando por visibilizar cuestións sociais de impacto en Galicia, con campañas propias enmarcadas no labor de Nacións Unidas, pero moi próximas a Galicia por temática ou importancia do sector.

No 2023 destacamos o coidado dos océanos, a alimentación e a importancia de reducir a cero ese 17 % da comida que mercamos, pero tiramos a diario. E, por suposto, a lingua especialmente arredor da Semana das letras galegas.

Un ano máis quereda salientar que a Corporación segue a traballar estreitamente coas institucións galegas e asociacións de todos os eidos. Un traballo que se traduce en presenza en foros de innovación como o Proxecto Medretía, liderado polo clúster audiovisual galego no que participamos ou a creación da cátedra CIRCOM na Universidade de Vigo, para a realización dun estudo cualitativo e mapeo que facilitará coñecer as tendencias en innovación e adaptación dixital das canles autonómicas europeas.

Máis preto do día a día dos galegos a CRTVG trata de colaborar ao longo do ano co maior número posible de eventos e festivais culturais, dos eidos do cine, o audiovisual, a música e o teatro; e de interese público, como entre outros: o MARÉ é Festival Música e Artes Atlánticas 2023, o Festival Womex, Asociación Músicas ao Vivo, nos Premios Martín Códax, Festival Intersección da Coruña, no que ademais se gravou un programa do Diario Cultural Zeta, dirixido aos máis novos e o Festival Novos Cinemas de Pontevedra, entre outros.

E no eido máis social a Corporación achegouse ao traballo de entidades como FAGAL, Unicef, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue ou a Cruz Vermella para colaborar nas súas campañas, sen contar todo o traballo de visibilización no marco das grellas de televisión e radio e, nomeadamente, en espazos xa senlleiros como Convivir e Convivir deportivo, ambos na Radio Galega.

E outro aspecto no que seguimos —e xa vou rematando— a traballar intensamente é o da igualdade de xénero. Cuestión na que —e xa van cinco anos seguidos— recibimos unha vez máis o indicador de empresa igual en xénero, do informe empresarial publicado polo Servizo Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Produción de contidos, atención informativa e igualdade plena na xestión dos recursos humanos conforman o preciso para seguir obtendo este recoñecemento, que non é un fin en si mesmo, senón un respaldo ao proceder da CRTVG neste eido, co que a Corporación se atopa absolutamente comprometida.

Penso que neste resume da Memoria anual de 2023 queda debuxado o presidente da Corporación e no documento extenso poden ver moitísimos máis elementos informativos, pero nesta memoria anual coido que tamén se albisca a liña de futuro dos medios públicos galegos, que se atopan hoxe á vangarda dos medios dixitais, tanto en contidos de entretemento como de informativos, e que afrontan a súa sostibilidade futura nunha situación de solidez na xestión e no recoñecemento da sociedade galega á que serven.

En todo caso, quedo á súa disposición para calquera ampliación informativa.

Moitas grazas.

Máis nada, señora presidenta.

A presidenta (Arias Rodríguez): Grazas, señor Sánchez Izquierdo.

Dicirlle que aceptamos gustosamente ese convite para ir a visitar as instalacións da TVG, así que no próximo período de sesións acordaremos.

E, sen máis, dámoslle xa paso a unha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos para cada un.

O Grupo Mixto amosou a súa vontade de non comparecer. Entón dámoslle a palabra ao Grupo Socialista, no nome da señora Longueira Castro, por un tempo de 10 minutos.

A señora Longueira Castro: Grazas.

Bo día.

En primeiro lugar, eu non sei se é habitual, descoñezoo porque tamén é a primeira vez que me sento aquí, non sei se é habitual que este informe chegue dous días ou tres días antes aos que estamos aquí na mesa. Polo menos foi no meu caso.

Entón, eu así como a outra información que se nos deu na última comisión chegou de maneira máis ou menos, diría que bastante con tempo suficiente, neste caso foron apenas dous ou tres días. Non sei se foi o caso para todos os demais. Así foi no noso caso, no Partido Socialista.

Pero, de calquera xeito, polo que puidemos ler, ver e ter en conta deste informe, que non deixa de ser tamén, en certa medida, ben é verdade que aquí ao final veñen toda unha serie das comisións de control que se pasaron por aquí, vén todo ese informe detallado das preguntas e de todo o que se falou nesta comisión, que é unha cousa que xa poderíamos sabelo e demais. Todo o demais é unha especie de —entendo eu—

que resume entre a posición e demais do que vimos tanto do informe financeiro co do informe non financeiro anterior.

Entón eu case me estou vendo na obrigaón de falar case do mesmo que falamos aquí a outra vez. Entón fixen aquí uns apartados onde fun sinalando cousas que eu creo que non... Pois evidentemente non se cumpren a todas luces é evidente e que nos vemos na obriga de reiterar. Eu teño a sensación de que estamos falando sempre do mesmo. Nós pois falamos do que falamos e por parte da Corporación da CRTVG contestan o que queren, entón. E é verdade que despois dentro de aquí, deste soporte de papel, hai datos que son irrefutables; evidentemente, todo o que ten que ver con todas as cuestións desa Corporación expandida, onde estamos na rede e demais, da canle internacional, pois todos eses datos que son evidentemente únicos e cuestionables, pero hai moitos outros que son os que realmente a nós nos preocupan e que están subxacendo en todas estas conversacións, que todas estas comisións, e que —volvo dicir—, a min dábame a sensación de que estamos no Día da marmota, falando sempre do mesmo.

Empezando na introdución cando aquí un apartado onde se di que o preámbulo deste mandato marco cuxa vixencia remata o 2024, sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega. Ben, pois eu creo que non a cumpre, xa o dixemos outra vez. Por suposto non cumpre a información cultural e, por suposto, non cumpre coa información xeneralista.

E unha proba desta cuestión —volvo traer aquí— é o desmantelamento dos centros territoriais. Neste momento, Coruña, creo que Ourense e Vigo, non existe produción neses centros territoriais de proximidade, que son a información de proximidade. Eu xa sei que en Coruña e en Vigo goberna o Partido Socialista, e posiblemente dar información local non é doado. Pero os traballadores que acoden a eses centros se atopan que non hai ninguén de produción. É dicir, desde pagar os tickets de párking que levan eu creo que máis de tres meses sen que poidan pasar os propios traballadores da TVG, non saben a quen lles van pagar eses tickets de párking. ¡Que non é unha gran cantidade! Ao mellor son cuestións de 60, 70 euros, pero é que non teñen a quen pasarllos. Nestes momentos están adiantando diñeiro á empresa, por exemplo.

Non saben, non teñen preparado o que vai ser a produción de noticias ou de novas dese territorio. É dicir, vostedes saben mellor que eu, que vostedes están aí no negocio; un centro territorial ten que preparar desde onde vai aparcar un coche, en que lugar é mellor exhibir ou en que lugar é mellor agruparse para facer a noticia, ter preparado o traballo para os redactores. Nestes momentos non hai ninguén que o faga. Nin baixo a desculpa de que hai baixas ou de que hai relevos, levan meses pechados. Eu entendo que isto non é, entendo que non é un Yes Men. Porque vostedes saben perfectamente como funciona este negocio, e eu entendo que isto é unha cuestión que é decididamente por vontade propia da dirección. É dicir, imos deixar morrer os centros territoriais porque total non imos facer a información política, que é moi necesaria evidentemente e non imos dar esa cuestión que despois nos pode afectar noutro tipo de

censuras que veñan desde as diferentes familias que gobernan, as diferentes familias do PP que gobernan —creo que ata 11 familias me comentaban o outro día—, gobernan dentro do eido da CRTVG.

Entón aquí se incumpre algo fundamental, que eu xa o dixen o outro día: son vostedes os depositarios do arquivo da contemporaneidade. Teñan vostedes a responsabilidade de recoller o que sucede no momento actual, ninguén máis o vai recoller dunha maneira eficaz e, sobre todo, fácil para consultar e fácil para saber quen somos no momento actual.

E a min niso, por enriba de todas as outras cousas, porque xa comentamos aquí todos os problemas que hai co persoal e demais, a min iso paréceme unha vulneración dos obxectivos dunha televisión pública. É dicir, se non hai unha televisión pública que cumpra esa función, ¿quen o vai facer? Entón paréceme demoledor.

Claro, empezamos polo pouquiño, empezamos polo pequeniño que ninguén o sinte e despois imos estendendo este modo de proceder a todo o demais.

Entón, a información local, a información de proximidade, a non ser a festa do queixo ou a da rosquilla, non existe. É un amplo deserto onde eu non sei o que pasa no meu Concello, a no ser que veña alguén, por suposto alguén como o señor Alfonso Rueda e o señor Alfonso Rueda vaia inaugurar unha cuestión ou se reúna ... Entón, iso si, entón, iso si. Parece que hai unha alcaldesa, parece que hai un alcalde, parece que hai unha Corporación, parece que incluso hai técnicos que traballan alí. Pero, se non existe a presenza... tería que mirar a dos conselleiros, evidentemente o señor Rueda porque é cuestionable. Se non existe a presenza do señor Rueda, non hai información nese momento.

Entón, isto, que xa o dixemos o outro día, o volvemos traer aquí porque segue existindo. Despois volvemos outra vez a aproximación ao rendemento de contidos. Ben, claro, dicíamos o outro día, todo se constata ao 2009, onde parece que o mundo aquel día pechou e que a partir de aí veu a resurrección e tivemos que facer outra vez algo que xa estaba feito, que tiña un modelo determinado e que non concordaba co seu evidentemente. Era un modelo progresista, e aquí foi un modelo desde o sexto mes do poder do señor Núñez Feijóo, foi un modelo de concentración e, sobre todo, de control do poder. Iso é inevitable e iso é unha cuestión que está posta enriba da mesa, cansámonos de repetir, vostedes o refutan doutro xeito, pero iso é así.

Entón todo o (non se entende)... Ler aquí como que en consecuencia, con base no conxunto da información exposta, obtivéronse mellores resultados a un menor custo, xa que o orzamento en 2019 foi de 146,9 millóns e no ano 2023, 115,8 millóns. Un -21 % inferior e os valores absolutos. Ben, é un baremo, é un baremo de facelo. E paréceme el milagro de los panes y los peces. Porque, claro, é que quince anos despois temos menos orzamento, temos televisión, evidentemente, entón nalgún sitio tivo que decaer a cousa. E vostedes a partir de aí constrúen o relato. Xa sei que tiveron que... O seu modelo é

outro, o seu modelo de xestión foi outro, nin mellor nin peor, foi outro. E ese modelo supuxo pagar certas débedas, evidentemente facer a RPT de persoal, que eu espero que finalmente se consolide. Normal, quero dicir, en quince anos hai que gobernar e hai que facer, aínda que o outro estivera feito doutro xeito, pero hai que seguir facendo. Por iso tamén me parece a min que cando din dunha forma como que nuestro esfuerzo, nuestro impulso... Non, o traballo, que é o que tocaba facer durante quince anos.

Pero, claro, cunha redución de orzamento e supoñendo todas esas débedas, claro, non me estraña que a programación sexa a que sexa, e que se perda o 30 % do share ou como se queira dicir. Entón, é que ademais se externalice. O último que se vaian externalizar parece ser que é a Revista. Que é un programa de información que se vai externalizar a partir de setembro. Externalízase certa parte de informativo. ¿Non sei se aí estaremos bordeando unha lei que nos ampara en certo articulado para que esas informacións non sexan externalizadas? Pero, claro, tiramos polo modelo que tiramos. Entón, a min tamén me parece que a partir desta información, onde dicimos que con case 30 millóns menos que fai quince anos, facemos todo isto é imposible. Quero dicir, isto nalgún momento ten que botarse por fóra, ou sexa, ten que descompoñerse, porque iso é insostible cos custos que hai, cos custos de persoal.

Outra das cousas que tamén aparecen por aquí e que a min chamáronme a atención, onde se fala que deste período desde 2009 a 2023, enlazando co anterior, a xestión está centrada na redución do déficit histórico.

Volto repetir o mesmo: Ou sexa, a xestión está centrada na redución do déficit, podemos invalidar case todo o que vén despois. Porque entón o que vostedes fan é basicamente unha xestión financeira. E cando un só se centra nunha xestión financeira pásame o mesmo que coa sanidade, que ao mellor as bases que poñemos son peores ou as listas de espera son interminables. Pois aquí pasa o mesmo. Pois ao mellor xa nin sequera se fan os programas en galego dos debuxos animados, póñense en versión orixinal con subtítulos. Ou nin sequera se cumpre a lei Paz Andrade onde temos ese compromiso coa lusofonía. E si peciñas pequenas, cousas mínimas, pero que realmente non está a cumprir unha lei que antes se aprobou no Parlamento. Ou non se aproban os acordos do pacto pola lingua, que antes se aprobou fóra da CRTVG.

É dicir, que se é unha xestión centrada na redución do déficit, volvo repetir, por algún sitio ten que rebentar. Porque non é sostible nin é posible que poidamos levalo a cabo.

Falan vostedes despois de que é un proxecto laboral centrado nas persoas, na transparencia, no desenvolvemento profesional.

O presidente en funcións (Barreiro Sánchez): Ten que ir rematando.

A señora Longueira Castro: —Agora remato—.

Non é certo, vostedes saben que non é certo. E, se queren, despois damos nomes. Non é certo. Teñen vostedes nove altos executivos da CRTVG imputados nun proceso de acoso laboral. E vostedes falan aquí despois de todo o que ten que ver... entendo que cos riscos laborais, que os traxes EPI e demais. Eu quixera saber un informe da saúde mental sen ningún tipo de estigmas, porque aquí todos somos susceptibles de ter problemas emocionais, do informe mental dos traballadores da CRTVG. Sería estupendo que o fixeramos.

Nada máis.

O presidente en funcións (Barreiro Sánchez): Moitas grazas.

Agora damos paso ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

E ten a palabra por un tempo de 10 minutos a señora Rodil.

A señora Rodil Fernández: Grazas, presidente.

Bo día a todo o mundo e benvido outra vez e bo día ao director xeral.

É a última comisión deste período de sesións, Comisión de control da CRTVG, eu diríalle que me resulta bastante difícil falar de grao de cumprimento da misión de servizo público da CRTVG para empezar co grao de incumprimento que hai por parte da propia Corporación da norma que a regula. Dicímolo todos os anos, pero eu creo que é bo para comezar que non normalicemos, que non aceptemos, e así o facemos desde o BNG, e que tampouco normalicemos a situación na que se atopa a Corporación da Radio e da Televisión Públicas de Galiza, nunha parte importante no que ten a ver tamén coa garantía de cumprimento da misión de servizo público. Eu xa non lle vou dicir a anomalía democrática na que ten metido o Partido Popular desde hai trece anos á propia Corporación, cunha situación na que se atopa a dirección xeral á marxe do que dispón a Lei de 2011.

Fálolle, pois por exemplo, do incumprimento flagrante, obsceno, consciente e reiterado por exemplo, dunha cuestión que é esencial se falamos de servizo público, que é esa aprobación do Estatuto profesional e a creación por conseguinte do Consello de Informativos, tan importantes para velar polo obxectividade, pola independencia informativa da Radio da Televisión Públicas de Galiza. Fálolle da sinatura do contrato programa tamén pendente desde hai trece anos. Fálolle, en definitiva, da representación do pluralismo social, cultural, político, que debe presidir sempre unha corporación de medios públicos como é a nosa, como é a CRTVG, e que cada vez está máis achicando no caso da Televisión e da Radio Públicas de Galiza.

E esa falta de pluralidade, témolo dito moitas veces desde o BNG, eu creo que é importante volver repetilo: Esa falta de pluralidade, de reflexo da diversidade que

existe, social, cultural e política no noso país está afastando cada vez máis á sociedade galega dos seus medios públicos.

E eu vou comezar por aí como fai tamén a memoria e como fixo nalgún caso vostede mención tamén na súa intervención, que é a respecto das audiencias, que é o segundo punto da memoria

Pechamos, efectivamente, ou pechou a CRTVG o ano 2023 cun 11,1 de cota de pantalla; é dicir, un 11,1 de persoas que teñen encendidas a televisión nese momento ao longo do día teñen posta a Televisión de Galiza. Eu teño un informe que lles agradezo moito que nos enviaran a tempo para poder incorporalo tamén á análise desta memoria de servizo público, coas audiencias correspondentes a decembro de 2023, xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2024, e o que vemos é que pechamos ese último ano do que nós dispomos directamente de información desde o BNG, pechamos o mes de maio cunha cota de pantalla cun share do 8 % en maio de 2024. É a cifra máis baixa desde que se creou a CRTVG, a Televisión de Galicia.

E eu creo que é o mellor reflexo en cifras oficiais, en cifras oficiais desa fenda que se está abrindo cada vez maior entre a sociedade galega, as galegas e os galegos diversas e plurais como somos, e unha CRTVG cada vez onde o pluralismo e a diversidade está máis arrinconado e máis achicado para converter os medios de comunicación deste país nun terminal de propaganda do Partido Popular.

Eu, que xa se falaba na anterior comisión, o meu compañeiro Iago Suárez, faláballes na comisión do pasado mes desta cuestión; vostede dicíalle a Iago, ao meu compañeiro, que as audiencias estaban índose porque estaba cansas da política actual. Eu case lle podo dicir que estou de acordo, pero creo que o que está farta a sociedade galega é da política española, que é a que copa as grellas dos servizos informativos da Televisión de Galiza; porque o que é darlle cobertura a actividade parlamentaria deste Parlamento vai sendo cada vez menor. Até o punto de que, por desgracia, pero ben recuperado felizmente para esta Cámara, estivo de baixa a persoa que pilota, pilotaba e seguen pilotando e dirixe o espazo Parlamento, que é parte da misión de servizo público, estivo de baixa por enfermidade —insisto que agradecemos que está ben e está entre nós—, pero o tempo que estivo de baixa o programa Parlamento desapareceu da grella da Televisión de Galiza.

Home, eu quero pensar que una Corporación que ten un cadro de persoal de case 900 traballadoras e traballadores pode suplir, aínda que todas as persoas aportan un valor incalculable, pode suplir e substituír a un traballador para que un espazo que fai parte —insisto— da garantía do cumprimento do servizo público desta Corporación continúe a pesar da baixa por enfermidade dun traballador.

E dicíalle vostede tamén que, digamos, a audiencia emigraba cara —eu quedou así un pouco ata pareceume chistoso—, programas con certo toque sexy, que non sei o que é o toque sexy. Pero falaba vostede da Ruleta da Fortuna. Onde vai a Ruleta da

Fortuna, hai anos que se chama la Ruleta de la Suerte, pero dicía vostede, señor Sánchez Izquierdo, que estaban indo as galegas e os galegos cara aí. E eu, grazas ao informe —insisto— son datos oficiais transmitidos pola Corporación ao grupo parlamentario do BNG, vostedes fannos unha selección de 25 programas máis vistos tanto na Televisión de Galiza como no resto das cadeas, e realmente as galegas e os galegos, maio de 2024, pero tamén nos meses anteriores, xa desde que comezou este ano, o que están é marchando para os servizos informativos de Antena 3. De 25 programas que vostedes nos sinalan como os máis vistos no mes de maio de 2024, 11 son Antena 3 noticias, en La Ruleta de la Suerte —insisto, onde vai xa a da Fortuna—, la Ruleta de la Suerte aparece dúas veces unicamente.

A xente deste país —insisto— está afastándose dos seus medios públicos e iso é consecuencia directa das decisións que vostedes están tomando e que nós desde o BNG temos humildemente denunciado tantas veces nesta comisión.

E unha desas cuestións —insisto, moito nisto— que está afastando ás galegas e aos galegos dos seus medios públicos, porque lles pertencen a elas e a eles, non a quen ostenta o Goberno, senón ao conxunto da sociedade deste país que é quen a paga; unha das cuestións que os están afastando é precisamente esa falta de reflexo da diversidade e da pluralidade que existe na sociedade galega.

E unha das cuestións que marcaron as nosas vidas máis nesta Cámara e tamén á propia Corporación foi a sucesión, a concatenación de procesos electorais que vivimos precisamente no ano que estamos abordando nesta memoria de 2023. Nin sequera neses casos onde todo está regulado, onde todo está máis acoutado e pautado legalmente, nin sequera aí a CRTVG, a Dirección da CRTVG vela e respecta esa pluralidade e esa diversidade.

Xa nos teñen acostumbrados, xa hai uns anos que nos teñen acostumbrados, iso non quere dicir que o BNG o vai aceptar e o vai normalizar, a agochar e minimizar o máximo posible a cobertura informativa desas campañas electorais. Eu xa non lle vou dicir o grao de perversión, ¿non? De converter os telexornais nesta última campaña electoral no terminal de propaganda, que quixera para si calquera partido político, como fixo o Partido Popular. O día da xornada de reflexión eu non daba crédito porque ao final estás tan metida na campaña que o único día que podes ver algo a tele é o día da xornada de reflexión. Ese día servizo informativo a todo trapo con que Rueda ía pagar cartos aos médicos e a xente que tivera que facer máis de 100 quilómetros.

Todas as veces, por certo, que a Xunta Electoral apercibiu e amonestou ao Partido Popular por incumplir a lexislación electoral e non foron poucas, tivo o seu reflexo e a súa cobertura sen o máis mínimo pudor na TVG.

Pero non lle falo diso, non. Fálolle precisamente do que aparece na memoria que son os debates electorais, que son unha cuestión esencial para garantir o dereito de

toda a cidadanía deste país a acceder ás distintas propostas e aos distintos proxectos e aos distintos programas electorais.

Nas eleccións municipais de 2023, non nos cansamos de denunciálo aquí desde o BNG, vostedes xa seguiron, continuaron coa política de poñer os debates electorais ás 10 da mañá. Eu remítome ao informe de audiencias por franxas horarias que aparecen na memoria do servizo público, e é o peor dato de audiencia que ten a televisión de Galiza precisamente nesa franxa horaria. É que no hai ninguén ás 10 da mañá nun día laborable entre semana vendo a televisión. Pero nas eleccións xerais aconteceu o mesmo. E non só aconteceu que se puxeron os debates ás 10 da mañá, é que ademais só houbo debates, non houbo entrevistas. Cada vez —insisto— achicando e arrinconando máis o dereito das galegas e dos galegos a coñecer as distintas opcións políticas que se presentan ao proceso electoral. Xa non lle vou dicir o que aconteceu nestas eleccións galegas que a Xunta Electoral lles tivo que recordar que o bloque informativo, é dicir, o bloque que ti dedicas á cobertura de campaña electoral, non podían recortalo como prevían facelo e tiña como mínimo que garantirse o mesmo que houbera catro anos atrás.

Eu creo que teñen que facer, ou polo menos así o cremos desde o BNG, que hai que facer unha reflexión de cara onde están levando os medios públicos, a CRTVG, a actual dirección e que está provocando isto na sociedade galega, que una desafección cada vez maior cun servizo público, que é unha garantía de dereitos para as galegas e para os galegos.

Pero eu quixera determe tamén nunha cuestión que para nós é esencial, que é fundamental. Vostede tamén o comentaba: Esa estratexia de dixitalización dos medios públicos do noso país, esa plataforma galega, esa OTT pola que tanto ten preguntado o BNG nesta Cámara de maneira recorrente desde o ano 2018, de maneira insistente pola súa posta en funcionamento, porque cremos que é a clave, é unha das claves para non perder o paso nun mundo tan cambiante como o audiovisual e os novos formatos, as novas formas de consumo e demais.

Precisamente porque esa plataforma, OTT a Galega é a grande fiestra da difusión e da creación audiovisual deste país, ten que ser esa grande fiestra. Eu estou de acordo con algo que dicía vostede: A CRTVG non é un ente subvencionador, ten que buscar e apoiar o talento e ademais poñía en valor esas empresas que comezaron ao abeiro da CRTVG e que hoxe son grandes produtoras, que están gañando premios a nivel nacional e a nivel internacional.

E aí é onde o BNG quere poñer o foco. Porque, efectivamente, hai unha cantidade moi grande de diñeiro público que manexa a Corporación da Radio e da Televisión pública de Galiza, dirixida precisamente a servir de motor, de impulsor, de gran difusor do sector audiovisual, dos creadores culturais do noso país. E aí hai unha necesidade imperiosa de deitar luz, transparencia e obxectividade no reparto dese diñeiro que manexa a Radio e a Televisión públicas de Galiza, especialmente a Corporación e a

Televisión públicas de Galiza, á hora de seleccionar que títulos, que proxectos culturais se apoian, se financian e se promoven e difunden a través dos medios públicos deste país.

E o que vemos —eu collo os datos da memoria deste ano 2023—, o investimento do 6 %, é unha obriga legal, temos discrepancias...

O presidente en funcións (Barreiro Sánchez): Ten que ir rematando.

A señora Rodil Fernández: ...sobre como calcular ese 6 %, pero... —sí, vou rematando—, pero, ben, ese 6 % vostedes, por exemplo, neste ano 2023 presentáronse 189 proxectos dos que unha comisión directiva de programación escolleu 15. ¿Que criterios usa a CRTVG para seleccionar uns proxectos ou outros?

E, sobre todo, —e con isto remato, presidente—, nós queriamos deixar nesta primeira intervención tres propostas para crear unha grande alianza, recuperar a grande alianza que ten que haber entre a Corporación dos medios públicos de Galicia e os sectores creadores, os sectores audiovisuais do noso país. E é darlle, en primeiro lugar, transparencia a eses criterios de selección; darlle períodos temporais que sexan coñecidos e recoñecibles polo propio sector para poder presentar propostas, para saber con que criterios se van valorar e adecuarse a eles e, sobre todo, para saber con que criterios se van seleccionar e poder facer propostas e ofertas tamén á CRTVG, que cada vez, como xa se dicía, está optando máis pola compra de produtos externos, feitos por produtoras e menos por un papel de produción propia das súas traballadoras e dos seus traballadores.

De momento, máis nada. Grazas.

O presidente en funcións (Barreiro Sánchez): Grazas, señora Rodil.

Agora damos paso ao Grupo Popular.

Por un tempo de dez minutos ten a palabra a señora Pomar Tojo.

A señora Pomar Tojo: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor director xeral, e benvido de novo a esta comisión de control.

Só un apuntamento como profesional que son da saúde mental. Falar de informe mental dos traballadores da CRTVG soa, cando menos, un tanto impreciso. Así que coidado con determinadas expresións, vostedes teñen a pel moi fina coa linguaxe, pois prediquen co exemplo. Non se pode falar de informes mentais. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, vostede dixo «informe mental».

En canto aos debates, señora Rodil, faime cando menos gracia que fale vostede do respecto nos debates, cando unha candidata súa, do seu grupo, do BNG, deixou plantada á CRTVG para ir a un debate á Ser. Polo tanto, falar de debates ás veces é un tanto arriscado.

En fin, como dicíamos fai tan só uns días, esta comparecencia do director xeral xunto coa que se refire ao estado das contas da Corporación, son dúas das máis importantes para esta comisión de control, ou ao menos así o consideramos no noso grupo.

Comparece hoxe o director xeral para presentar a Memoria actual de servizo público, sendo xa a sétima vez ademais que o fai, rendendo contas ante este Parlamento, nun exemplo máis de transparencia e boa gobernanza da CRTVG que marcan a xestión de Sánchez Izquierdo é fronte dos medios públicos galegos.

Non ocorría así na etapa do director xeral nomeado polo bipartito. Nunca trouxo —repito— nunca trouxo a esta Cámara un informe sobre o cumprimento destas obrigas por parte da CRTVG. Pero diso non se fala.

En máis de 200 páxinas esta memoria analiza en detalle como a Corporación desenvolve esta misión de servizo público en todos os seus parámetros, con eficiencia e responsabilidade e compromiso social, de acordo coa Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Responde así axeitadamente aos principios inspiradores do mandato marco en vigor, que é o instrumento de orientación estratéxica para este labor.

Parabéns de novo, xa o dicíamos tamén na pasada comisión, a todos os traballadores e traballadoras da CRTVG, especificamente á dirección xeral por este balance positivo dunha Corporación ao servizo da cidadanía galega, administrada con rigor e austeridade, como comprobamos na anterior comisión na que se presentaron as contas con superávit un ano máis.

Para financiar os custos deste servizo público a CRTVG xestionou no ano 2023 un orzamento de 126,7 millóns de euros. Excluímos a achega finalista destinada ao IVE da que tamén falamos na pasada sesión, o orzamento quedou en 115,8 millóns de euros.

Estes valores orzamentarios en combinación coas cotas de audiencia rexistradas permiten constatar os avances en custo por resultado do rendemento da grella da programación, menor custo que na etapa do bipartito, mellores resultados —insisto— nos cartos públicos, unha mensaxe da que deixei constancia na anterior sesión. É importantísimo administrar ben os cartos dos galegos e das galegas.

No 2009 cun orzamento de 146,9 millóns de euros a marca TVG estaba en cuarta posición en Galicia, e no 2023 con 31,1 millóns de euros menos a marca TVG situouse en segundo lugar.

Non se trata de gastar menos cartos, trátase de facer mellor televisión custándolle menos —insisto— aos galegos e galegas. E nos remitímonos aos informes do Estudo Xeral de Medios, os resultados son aínda mellores e constatan o seu liderado en Galicia entre todas as autonómicas.

Un éxito máis apuntar ao balance na dirección xeral que levou a cabo ao longo do pasado ano unha xestión baseada na eficiencia, o equilibrio financeiro e a estabilidade orzamentaria.

O conxunto da oferta televisiva radiofónica dixital caracterizouse no 2023 pola proximidade: un 94,9 % dos contidos emitidos pola TVG son producidos en Galicia.

Combínase o nivel de produción propia interna do 50,5 %, cun nivel de produción propia externa derivada do audiovisual galego do 44,5 %. Uns contidos e emisións con vocación de servizo público de calidade e de competencia coas demais canles cun reforzamento da programación en directo e da innovación.

Esta oferta gozou ademais dun amplo seguimento do público en todos os formatos como confirman os datos da empresa de medición Kantar Media e o Estudo Xeral de Medios con resultados históricos.

A TVG demostrou que é o medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para os galegos e as galegas. Chega a case o 98 % dos fogares e no 2023 case 600.000 persoas conectaron diariamente con ela. Isto representa un 22,6 % dos galegos maiores de catro anos, polo que é unha das televisións autonómicas con maior impacto en España.

A TVG é a referencia informativa para a cidadanía galega, mantendo o liderado na franxa do mediodía. E a audiencia total dos informativos da CRTVG elevouse a 2,46 millóns de telespectadores ao longo do 2023 segundo Kantar media.

E xa que falamos de audiencias, sinalar que este liderado acaba de ser ratificado na última onda do Estudo Xeral de Medios do 2024, que adxudica á TVG unha cota de pantalla do 21,4 % no conxunto da semana, 8 puntos por diante de Antena 3 e o dobre que a 1 de Televisión española cun 10,8 %.

Na franxa do mediodía, de 13 a 17 horas, cando se emiten os informativos Galicia Noticias e Telexornal Mediodía, a TVG rexistra unha cota do 33,9 %, con picos de audiencia do 45 % no telexornal. Máis que triplica á 1 de TVE que consegue tan só un 9,5 %.

Ademais é a canle máis vista das televisións autonómicas reunidas na FORTA, superando en 5 puntos á seguinte competidora, a catalá TV3, empatada coa Televisión de Aragón.

Radio Galega e Radio Galega Música conseguiron no 2023 unha audiencia acumulada de 189.000 oíntes. O cuarto valor máis elevado nos últimos dezaseis anos.

E segundo a última onda do Estudo Xeral de Medios ao que facía referencia, a segunda do 2024, a Radio Galega quintuplica en audiencia á outra emisora pública que emite en Galicia, que é Radio Nacional de España.

A CRTVG apostou polos programas informativos nos que se melloraron tanto o relato visual como o informativo, ao que se lle engadiu unha profunda renovación tecnolóxica da que xa se falou hoxe aquí. Ao longo do ano traballaron de xeito coordinado profesionais de varios departamentos para poñer en marcha ese renovado plató 300, dotado dunha pantalla de 36 metros de longo que botou a andar a inicios deste ano 2024. Un plató sobre o que os grupos da oposición non paran de queixarse, en lugar de felicitarse polos avances que supón.

Por outra banda, a Radio Galega xa é un medio multiplataforma coas emisións no estudo multimedia, con imaxe en radiogalega.gal, Youtube e outras canles dixitais.

En canto ao portal g24.gal converteuse no medio de información en continuo da CRTVG, xa que permite o acceso ás novas de maior relevancia a calquera hora do día, dende Galicia, fóra dela, en calquera lugar do mundo.

As canles dixitais rexistraron máis de 533 millóns de visualizacións, 135 millóns de reproducións e 6,4 millóns de (non se entende) cunha subida do 151 % respecto do ano anterior.

Paralelamente, ao longo do pasado ano executáronse todos e cada un dos procesos necesarios para a posta en funcionamento da plataforma audiovisual OTT AGalega, que xa é unha realidade desde comezos deste ano.

Un ano máis a CRTVG seguiu a apoiar o talento audiovisual galego e a dinamizar un sector que goza de prestixio internacional, un compromiso que xa vén de lonxe e que confirman as cifras.

No período 2009-2023 a CRTVG destinou 542 millóns de euros dos seus orzamentos ao tecido audiovisual galego, o que supón un 38 % das achegas da Administración galega, cunha media anual de 36 millóns.

Na ficción seriada dende mediados do 2009 estreáronse ata 43 títulos e 2.142 episodios de ficción co financiamento total ou parcial da CRTVG.

A cultura é un proceso transversal e así o amosan os proxectos da CRTVG. Proba da importancia que lle dá o actual equipo de dirección. Entre 2009 e 2023 a TVG e a G2 adicaron 82.882 horas a contidos asociados á cultura. Máis de 20.000 horas corresponden a programas culturais, educativos e divulgativos; case 11.000 a programas musicais. E o resto para cinema, ficción e documentais.

A TVG conta na súa grella co máis lonxevo programa cultural diario, o Zigzag, que naceu no 2009. E na Radio Galega o Diario Cultural dispón de 100 minutos diarios repartidos en horarios de máxima audiencia.

A promoción da lingua é unha das razóns de ser da CRTVG, con iniciativas como o espazo ao que o director xeral facía referencia, o DígochoEu; que iniciou as súas emisións no vinte coma un micro espazo diario para diversas redes sociais e como sección do Telexornal Serán, pero en pouco tempo foi un auténtico éxito.

Falaba o director xeral dos esforzos deste espazo sobre a lingua, centrándose en contidos e produtos relacionados con ela, reforzando os seus lazos cos públicos máis novos que é fundamental. Naceu así o Digochiño, que mantén conversas coa presentadora sobre temas diversos e actuais. Este espazo ten xa máis de 475.000 seguidores, un 25 % máis que no ano anterior.

En canto á programación infantil e xuvenil, dende o 2009 ata o 2023 a G2 adicou máis de 40 horas de emisión televisiva centrada nela.

Non podo deixar de sinalar que a CRTVG realiza tamén unha actividade importante no ámbito da responsabilidade social corporativa, con iniciativas coas que dá visibilidade a proxectos de valor social para a sociedade, que contribúen ademais a axudar aos retos aos que se enfronta. Accións de apoio a persoas con discapacidade, a persoas en vulnerabilidade, loita contra a violencia machista, coidado do noso planeta, dos nosos océanos, apoio á infancia. Todas estas accións foron desenvolvidas ao longo do ano 2023.

E hai unha cuestión na que queremos incidir, que é a accesibilidade dos servizos para achegar a CRTVG a toda a sociedade e favorecer a inclusión plena coa adaptación dos formatos que poidan requirir.

De feito acaba de entrar no Parlamento o Proxecto de Lei de cultura inclusiva. Pois é importante destacar que a CRTVG ten como un dos obxectivos prioritarios esa accesibilidade, esa inclusión a todos os públicos, esa opción de subtitulado de todos os contidos que non se emiten en directo.

E parécenos moi oportuna esa estratexia de colaboración con todos os entes de investigación de Galicia que traballan sobre o subtitulado, e animamos ademais desde este grupo parlamentario a seguir traballando con este obxectivo de plena accesibilidade.

E dende a oposición se fala de externalización, de maltrato aos traballadores, de secuestro dos medios públicos; é curioso escoitar como se fala de externalización dende algún grupo da oposición, cando na TVE teñen contratado para o programa informativo das mañás a unha xornalista externa á Corporación e á que pagan 550.000 euros. Preguntámonos por que non fai este traballo algún profesional da casa. Polo tanto, falar de externalización, falar de falta de liberdade, falta de independencia dos medios públicos dende unha oposición que apoia dunha ou outra maneira ao Goberno sanchista, pois a verdade é que resulta moi paradóxico, ¿non? O Sanchismo pasará á historia entre outras perlas por ser o Goberno máis censor da democracia española, por ser o Goberno mordaza das xornalistas e dos xornalistas. E todo iso co apoio de partidos como o Bloque Nacionalista Galego.

Á espera estamos da do chamado eufemismo, paquete de medidas que vai limitar aínda máis a liberdade de prensa...

A presidenta (Arias Rodríguez): Señora Pomar, ten un segundo turno.

A señora Pomar Tojo: ...ata límites insospeitados.

—Remato xa, presidenta.—

Estes son de xeito resumido algúns dos aspectos máis destacados dunha memoria que en conxunto permítenos concluír que xa non estamos fronte a un modelo tradicional de radio e televisión, senón fronte a un sistema multimedia no que cada vez ten máis peso o dixital, de acordo coa transformación da nosa sociedade, as cifras de seguimento nas novas canles, as da plataforma OTT, a posición en todas as redes sociais confirman que a CRTVG vai en boa dirección para manter a súa utilidade e o valor social para a cidadanía galega.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

A presidenta (Arias Rodríguez): Grazas, señora Pomar.

Para a quenda de réplica e, por un tempo de dez minutos, ten a palabra o señor director Xeral.

O director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Sánchez Izquierdo): Moitas grazas, señora presidenta.

Vou intenta limitarme a eses 10 minutos cun abano de suxestións tan interesante como os que escoitei nas intervencións de cada unha das voceiras de cada grupo, que seguro que necesitaría moito máis de 10 minutos.

Señoría Longueira, só un tema puntual: O Informe de servizo público foi enviado a este Parlamento o día 2 de xullo. Non teño máis que dicir ao respecto.

Segunda cuestión. Home, nun informe de servizo público sacar a pasear un tema referido aos tickets de aparcadoiro, non me parece especialmente axeitado. Dáme a impresión de que hai un certo desequilibrio entre o tema de fondo e a cuestión puntual da que vostede fala.

En calquera caso sèrvelle para facer unha reflexión sobre o papel das delegacións da TVG. E eu aí concordo con vostede en que as delegacións da CRTVG necesitan un novo enfoque, necesitan un novo enfoque. Dende logo ese novo enfoque non é voltar ao pasado, non é voltar quince anos atrás ou a vinte anos atrás, non. Precisan dun novo enfoque e hai moitos modelos por Europa adiante dos que podemos aprender. E será unha tarefa pendente para enfrontar por parte dos responsables da CRTVG nos vindeiros tempos.

Sobre a carencia de información municipal. Eu quero recordarlle que a TVG o que fai é un medio de información basicamente autonómica; iso no quere dicir que non lle prestemos atención a algunhas das informacións municipais, pero comprenderá que o foco onde ten que estar é en temas globais de toda Galicia, máis que en temas puntuais de cada concello. Aínda así procuramos prestarlle atención, procuramos prestarlle atención, pero o enfoque noso non é dunha tele local; o noso enfoque é dunha tele de carácter autonómico.

Sobre as súas consideracións políticas arredor do papel que facemos. Reitero o que teño dito moitas veces: eu no debate político non vou entrar, non é o meu papel, non é a miña función e, por tanto, descúlpenme pero non lle vou dicir nada a respecto desta cuestión, do ben ou mal que lle parece un enfoque político da CRTVG.

Sobre a súa afirmación de que A Revista, o programa A Revista se vai externalizar, nego a maior: non se vai externalizar. O que vai haber é un novo enfoque da programación das mañás na tempada outono-inverno, que vai moito máis aló da Revista.

E finalmente, respecto á súa comparanza sobre o orzamento e como se emprega ese orzamento e demais, eu non quero volver a facerme a pregunta de ¿en que se empregou un 40 % máis de orzamento en anos anteriores á responsabilidade deste director xeral? Non quero preguntado máis, pero ás veces venme á cabeza; sobre todo despois da súa intervención en que puña en cuestión como foi o esquema de financiamento da CRTVG, ás veces venme á cabeza esa pregunta.

Señoría Rodil, reitero, sobre a súa análise política, probablemente brillante, como sempre, especialmente para os seus, nada que dicir; non é a miña materia, estou a outros temas.

Sobre a cuestión das audiencias. Insisto, benvidos á preocupación polas audiencias, porque escoitei reiteradamente a o seu grupo que as audiencias non eran relevantes, vexo que si, que son moi relevantes. E aí o único que teño que dicirlle, o único

que teño que dicirlle ao respecto é que a segunda onda do Estudo Xeral de Medios nos dá un 21,4 %, a máis vista de todas as televisións autonómicas en España; oito puntos máis de share que o seguinte competidor privado. Con relación á 1 que fixo un 10,8 % no quero ni sinalar cal é a diferenza. E tan só hai poucos días publicou o medidor que a vostede lle gusta, Kantar Media, que referendou os bos datos de audiencia no período setembro-xuño deste ano. Analizamos por tempadas no (non se entende) da televisión, non mes a mes, aínda que tamén se poden analizar mes a mes; pero si que debo dicirlle arredor da desviación do panel do que vostede fala por Kantar Media, Kantar Media asumiu unha penalización contractual nestes primeiros meses do ano 2024 por parte da CRTVG. Algo pasará aí no caso do medidor. Isto é o que teño que dicirlle a respecto desta cuestión.

Sobre a perda de audiencia dos servizos informativos. Ese é un tema sumamente interesante, sumamente interesante porque é un fenómeno xeneralizado en todo Occidente e, especialmente, en Europa. Vexa vostede o Informe Reuters, que seguro que coñece, e aí recollerá eses datos; pero pode ver co que sucede coa evolución do consumo de programas informativos en televisión lineal en todos os medios de televisión convencionais. É un tema que preocupa moito aos xestores de medios audiovisuais convencionais, pero é un fenómeno xeneralizado en toda Europa. E probablemente a etioloxía, a razón de ser desa caída da audiencia teña pouco que ver co exceso simplificador da súa análise de darlle unha interpretación puramente política ao tema.

Arredor de recursos diante da Xunta Electoral. Home, eu o que vexo é que sistematicamente a Xunta Electoral non acolleu os recursos do BNG en todos estes anos, agás unha pequena mención que vostede acaba de facer ao redor.

¿E sobre os criterios para a contratación da CRTVG? Pois existen. Tan é así e existen que hai unha normativa interna e hai unhas actas. As actas obviamente a data de hoxe non son públicas, pero non tería ningún problema en que llas fixeran chegar para que vira cales son os criterios que se empregan. É dicir, iso non é un totum revolutum que aquí vai isto para non sei que, para non sei canto. Non, non, iso é un tema moi regrado, moi sistematizado e demais.

Señoría Pomar, da súa intervención o que me gustaría poder dicirlle: Temos grandes retos no futuro. A grande pregunta sería deste informe de servizo público e que é o que eu me fago todos os anos. Este xa é o sétimo ano. ¿É proporcional o servizo público que a CRTVG dá para os ingresos dos que dispón? E a miña resposta é razoablemente satisfactoria. Pero non é a miña opinión individual, é que case 7 de cada 10 galegos afirman que a TVG cumpre coa súa misión de servizo público; o 86 % di que reflicte e fomenta a cultura galega e o seu idioma. E case 7 de cada 10 galegos teñen unha imaxe de marca positiva da TVG; o 78 % di que a TVG trata temas que preocupan á sociedade galega; o 76 % din que a función da TVG axuda á sociedade; o 85 % di que a TVG é necesaria para que os galegos estean informados das noticias da comunidade, etcétera.

E así podería seguir relatando unha morea de datos que subliñan que a nosa capacidade de xestión do servizo público é notoriamente satisfactorio. ¿Que pode ser mellor? Sempre. Este, o debate arredor do servizo público, a diferenza do de rendición de contas, é que aquí non hai límite, sempre podes pedirlle máis, sempre podes pedirlle máis ao servizo público da CRTVG.

E, por tanto despois aí calquera suxestión, crítica, estímulo é benvido, pero sendo conscientes de que esas demandas non teñen límite, é un saco sen fondo.

E máis nada polo de agora, señora presidenta.

A presidenta (Arias Rodríguez): Grazas, señor Sánchez Izquierdo.

Para unha segunda quenda, ten a palabra por un tempo de cinco minutos a señora Longueira.

A señora Longueira Castro: Grazas, presidenta.

Grazas, señor Alfonso.

Mire, fai ben falar de política, porque vostede xa ten alí quen o faga; entón vostede fai moi ben en non falalo, porque vostede é a cabeza visible e, evidentemente, —xa llo dixeran o outro día— unha persoa intelixente e sabe perfectamente o que fai, por iso o puxeron aí. Entón claro que non vai falar de política, eu tampouco o faría se estivera no seu sitio. Pero xa tería a alguén que falara por min. Entón, os que falan por vostede, con respecto ao persoal porque vou aquí ao que...

Os que falan por vostede xa lle dixeran a un redactor, a un xornalista, Alberto Ordóñez, cando fixo unha información sobre o IPC que subira en Galicia —subiu un pouco máis que en España, non pasa nada—, E xa lle dixeran os que teñan que dicirle que non se podía facer así esa noticia, que teña que cambiar esa noticia. Polo que sexa decidiu non cambiar e ao día seguinte vostedes o cambiaron de posto. O mesmo pasou coa señora Maite González, con David Fernández, con Nuria López, históricos da Televisión de Galicia.

Claro, non se pode dicir que non se fai política, ¿non?, ou que non están —represaliados non é a palabra, que é un pouco forte—, pero que están apartados ou pseudoapartados. É cuestión de cambiar, de facer un troco. Non pasa nada. Xa lle dixeran a vostede que xa sabemos como se fan estas cousas, xa sabemos como é. E iso sucede. E iso —dígolle á señora do Partido Popular— interfere na saúde mental dos traballadores, moitísimo. Vostede ao mellor nunca tivo ningún problema deste tipo, algúns tivémolo. Entón, moitas baixas por depresión, hai moitísima cuestión de bullying ou de persecución laboral como está sucedendo cos 9 directivos que están agora imputados por acoso laboral.

Entón, claro que existe, vostede sobre todo no apartado que fagan da xestión das persoas, da seguridade laboral. Seguridade laboral tamén é iso, non é un traxe EPI, é iso. E eu creo que é moi importante nun espazo como este, onde evidentemente hai un código dos propios xornalistas, como vostede moi ben sabe, e que hai un cumprimento co seu labor na información, e que saben perfectamente que non se cumpre, perfectamente. Evidentemente, vostedes teñen estes aparellos de desviación da mensaxe e reubícanos noutro lado.

É verdade que aquí non se debería falar de tickets de párking, iso é obvio; pero só llo dixen para especificar en que medida ou para que se entenda, porque isto tamén o ven aos traballadores da CRTVG, para que se entenda como se desmantela un centro territorial.

E paréceme fantástico e apláudoo que vaian vostedes a unha renovación. Agora isto leva pasando cinco meses. Eu supoño que se debería de facer dunha forma máis axeitada e non ter a traballadores de calle, a redactores de calle correndo dun lado a outro e non sabendo moi ben como van afrontar o día. Porque un día ou dous non pasa nada, inclusive un mes, pero cando un leva así certo tempo, evidentemente non é doado. Supoño que se a vostede llo fixeran, tampouco lle gustaría. Por iso me vai permitir que trouxera aquí un problema doméstico, pero moitas veces o particular explica moi ben o xeral. Entón eu creo que iso é unha boa medida para facelo.

Disto que din que a Televisión de Galicia é a de máis audiencia, eu dos datos que vimos o outro día coa memoria non financeira, eu creo que quedou claro que TV3 por exemplo en Cataluña é a canle máis vista e na televisión do País Vasco, que teñen 3 canles ocupan un lugar referencial, e que nós estamos ao nivel de Madrid ou Aragón. E non pasa nada.

Ben, vostede di que non. Nos datos do outro día, que eu non sei a quen se lle preguntaba, iso dilucidábase. É máis, agocharon os datos da televisión vasca. Pero non comparemos coa televisión catalá que ten, governe quen governe, coas súas diatribas de políticas e de censuras e demais, governe quen governe teñen un proxecto de país ben fundamentado, e é unha televisión a primeira da comunidade autónoma. Non sei despois en que medida nós somos tamén tan relevantes como eles, ao mellor perdinme nesa forma de facer as porcentaxes, pero a cuestión é así.

Despois falabamos aquí o plató 300. O prató 300 é marabilloso, señora do Partido Popular. O que pasa é que dalgún xeito algo pasou, se dilucidará, se falará noutras comisións e volveremos sobre iso, dalgún xeito algo que ten unha cuestión importantísima para un medio de comunicación se trastabillou como aquilo que se fan as cousas sen ton nin son. E iso foi o que pasou, pero a ninguén lle parece mal o plató 300, ao mellor a vostede; pero a nós non, a nós nos parece fantástico.

Entón, o que nos parece mal é que á hora de establecer unha nova ferramenta e de facer unha implementación na Televisión de Galicia, aquí se di que foi que a empresa

se equivocou. Hai informes do fin do comité de empresa onde non se contou cos técnicos da Televisión de Galicia para levar aquilo adiante. E iso é así e saltou aí e se soubo. Como outras cousas que suceden e non saen á luz, pero iso saíu á luz.

Pero volvemos ao mesmo: Séguense incumprindo por encima do que se diga aquí, séguense incumprindo normas como a Lei Paz Andrade, pactos pola lingua con respecto á programación, a programación propia da Televisión de Galicia mermou. Ben, están vostedes nun axuste, é o seu modelo, a nós nos parece un modelo que non ten cabida na sociedade actual. Vostedes din que van a unha nova revisión, eu agardo que así sexa. É verdade, como xa se dixo aquí, esa baixada nos informativos que obedecerá a moitísimas outras cuestións, pero, en calquera caso, a baixada non son só nos informativos, quero dicir. O público da Televisión de Galicia ten un sesgo, como xa o dixemos o outro día, como un sesgo, é unha poboación de maiores de 65 e en núcleos de poboación de non máis de 10.000, 20.000 habitantes.

Entón, á marxe de que baixen as cuestións informativas, eu creo que ten que ser unha televisión ou unha corporación en toda a súa extensión. É verdade que no outro que ten que ver con todas as redes e con todo ese desenvolvemento da intelixencia artificial, haberá por aí un gran campo de crecemento onde teremos que ver como sucede; pero, se nos cinguimos ao que de momento é óleo, ou sexa, la obra matter ou, digamos, o produto estrela da Corporación, isto deixa bastante que desexar en cuestións de programación e, sobre todo, de espectadores.

Eu agradézolle unha vez máis que veña vostede aquí.

E, nada máis. Seguirémonos vendo —parece ser— en cousas posteriores.

Moitas grazas.

A presidenta (Arias Rodríguez): Grazas, señora Longueira.

Ten a palabra, polo grupo do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora Rodil Fernández: Grazas, presidenta.

Eu, como cuestión previa, vostede está aquí porque o obriga a lei co artigo 48, de que hai que facer unha memoria de servizo público e presentala diante do organismo de control parlamentario da CRTVG. Por iso é, non porque sexa marabilloso todo. Entón, a ver se nos tomamos un pouco máis en serio a comisión na que estamos.

Eu o que vostede chama pequena puntualización da Xunta Electoral, señor Sánchez Izquierdo, foi dicirlles que non podían recortar un minuto e medio do bloque informativo electoral sen razón nin motivo algún. Igual agora me di que como a xente está desafecta coa política, vostedes queren darlle outra cousa, en vez de información electoral no medio dun proceso electoral decisivo para o país.

Entón, pequena puntualización que os aperciban, que lles diga que hai que volver a un bloque como mínimo de seis minutos para que todo o mundo poida ter espazo para verse reflectido nun proceso electoral e ter acceso todo o conxunto da cidadanía deste país a unha información importante e relevante, como son os distintos proxectos políticos e o contraste das propostas que formulan.

E eu a respecto gústame que faga referencia ao EXM porque creo que tamén é bo que fagamos certa pedagogía aquí. O Estudo Xeral de Medios é unha enquisa de recordo, ¿vale? Elabóranse eses, digamos, eses resultados a través das preguntas que se lle formulan ás cidadás e aos cidadáns como... Parecido ao que fai o CIS de Tezanos. E o EXM pregúntalle á xente: ¿Que viu os vostede onte? E, en base un pouco ao que lle van respondendo, van situando ese recordo nunha canle.

Para min é moi interesante porque analiza tendencias, digamos, ¿non? Pero non é un aparello que mida quen ten a tele encendida e en que canle a ten posta. Iso é o que proporcionan outras fontes de información, que non son as que me gustan a min, son as que teñen vostedes contratadas.

Entón eu remítome á información oficial que manexa a CRTVG. Eu, se non lle gusta esa empresa que vostede cita, pois poden contratar outra que lle subministre esa información e eu farei uso dos datos que vostedes aporten nese caso. E eu, insisto, en que é unha cuestión de afastamento da sociedade galega, dunha parte importante da sociedade deste país que non se sente representada, reflectida nesa programación; non só nos servizos informativos, que seguen sendo a xoia da coroa da CRTVG nas audiencias, incluso coa caída estrepitosa ata puntos históricos dese 8 % de share, un sete e pouco en prime time. Seguen sendo, porque eu téño o dito aquí moitas veces e o BNG teno dito aquí en moitas ocasións, o vínculo que une, por sorte —que tamén é a razón de ser da CRTVG—, o vínculo que une os medios públicos e os servizos informativos da televisión e da radio galegas coa cidadanía deste país é que falan do seu país. E o que nos demostra que a vexa moitísima xente, aínda que perda audiencia, é que a xente quere informarse do que pasa no seu país, cunha perspectiva galega, no seu idioma e falando dos asuntos que preocupan ás galegas e aos galegos, que son na inmensa maior parte dos casos moi afastados ao que pasa no Estado español. E iso o que dá é unha responsabilidade moi grande a quen decide que, de que se informa, sobre que se informa, quen o fai, con que perspectiva, con que enfoque, con que fontes e con que discurso.

E eu, a respecto diso que lle respondía vostede a portavoz do Partido Popular, e falándolles da enquisa que aparece na memoria de información non financeira que acompaña á conta xeral que se debateu na última comisión, eu precisamente o que pon en valor esa enquisa que, en todo caso, vostedes solicitan que faga, entón ben quen pide que se faga a enquisa tamén vai decidindo como se pregunta, para obter a información... Que a estatística tamén ten a forma de obter uns resultados máis ou menos acordes co interese de quen paga. Pero hai algo que xa llo dixó a miña compañeira Alexandra Fernández na última comisión e eu quero reiteralo, que é que naquelas preguntas que son bastante

fáciles de responder, que si calquera dos que estamos aquí, máis alá da nosa diferenza ideolóxica diríamos o mesmo. ¿É a canle a TVG da miña comunidade? Pois, home si, porque é a única que hai. Pero cando vostedes preguntan, ¿é moderna? ¿Os informativos son rigorosos? Cae substancialmente esa afinidade ou ese apego que as persoas enquisadas amosan coa Radio e coa Televisión públicas de Galiza, que eu creo que ven —insisto— demostrar que hai cada vez un espazo que separa cada vez maior para... Eu véxoo como algo negativo, eu non me alegro de que pase iso, o que quero é advertirlles de que, cara a onde están levando vostedes para facerlle seguidismo á estratexia do Partido Popular, a Radio e Televisión Públicas de Galiza está arrastrando a Corporación a uns límites que son indesexables para un servizo público e que nós o que lles pedimos é: deixen de facer o que o Partido Popular lles di e poñan á CRTVG ao servizo das galegas e dos galegos, que é a quen teñen que representar.

E eu, por último, e xa con isto remato, que é unha das cuestións que a nós nos preocupa, será obxecto ademais doutras preguntas no próximo período de sesións e é que esa alianza estratéxica que ten que haber entre a Radio e a Televisión públicas de Galiza, sobre todo a través da plataforma da Galega desa OTT, cos sectores culturais.

Porque vostede fala, efectivamente, dunha orde, pero non é unha convocatoria pública. Voume explicar doutra maneira, porque hoxe era unha das propostas que nós queríamos traer desde o BNG aquí. Esa cantidade de diñeiro que a CRTVG ten que poñer á disposición dos sectores audiovisuais, das creadoras e dos creadores galegos, debe ser elaborada como una convocatoria pública para que coñezan o período de tempo que teñen para presentar proxectos, as persoas que van avaliar e con que criterios obxectivos eses proxectos para poder nutrir, porque a CRTVG historicamente non só conformou unha parte importante da súa programación con filmes, con series, que todas e todos coñecemos e valoramos feitas en Galiza e en galego, senón que agora ten que nutrir aínda máis unha plataforma que ten que ir actualizando o seu catálogo, que ten que ir incorporando novos formatos, novo xéneros, novos proxectos, que ten que apostar en novas creadoras e en novos creadores.

E eu, para que non quede mal sabor de boca que sempre se nos di que todo mal, eu creo que acertan cando, por exemplo, impulsan proxectos como Raíña-me, que está tendo moi boa acollida entre un perfil de poboación que é fundamental captar. E hai que traelo pola parte da plataforma, porque non vai vir pola tele convencional.

Entón, apártense de quen quere facer un mal uso e abusar dos medios públicos deste país, e póñano ao servizo do talento inmenso que hai en Galiza, do interese xeral, desa diversidade, desa pluralidade que hai no pobo galego que nos enriquece a todas e a todos, independentemente de aquilo que pensemos ou defendamos.

Máis nada.

A presidenta (Arias Rodríguez): Grazas, señora Rodil.

Dámoslle a palabra xa á señora Pomar Tojo.

A señora Pomar Tojo: Moitas grazas de novo, presidenta.

Moitas grazas, señor Sánchez Izquierdo, por todas as súas aclaracións.

A verdade que é moi sorprendente que, despois de tantas e tantas e tantas sesións frivolisando e subestimando o tema das audiencias, agora se faga dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego unha análise tan profunda e tan exhaustiva das audiencias da TVG. É, cando menos, sorprendente.

A memoria entregada a esta Cámara e as explicacións do director xeral está claro que acreditan que a CRTVG cómpre axeitadamente a súa función de servizo público —insisto— unha memoria que non se entregou nunca, nunca nos anos do Bipartito. E ademais faino con datos e con cifras. E, unha vez máis, queda demostrado que esas acusacións que algúns dirixen contra a Corporación non responden á realidade. Por exemplo, e non nos cansaremos de dicilo, respecto á situación dos e das traballadoras.

É curioso pensar que foi o comité de empresa quen se negou a asinar a consolidación do 100 % do cadro de persoal e que pasou polo forro o voto do 95 % da Asemblea de traballadores, é, cando menos, unha mostra dunha gran hipocrisía e dunha mesquiña utilización dos traballadores.

As actuacións desenvolvidas no ámbito laboral favoreceron o desenvolvemento profesional e deron un forte impulso ao proceso de estabilización no emprego. Insisto, non nos cansaremos de dicilo.

As ofertas de emprego público do 2021 e do 2022 suman 270 prazas; 255 delas mediante procedemento de concurso, a oferta de 2023 é de 14 de concurso oposición e 12 de promoción interna. É dicir, case 300 prazas, o 35 % do cadro de persoal. Cando culminen —e xa o dixemos varias veces— os procesos en marcha, estará estabilizada a práctica totalidade dos traballadores e este será o resultado do compromiso do actual equipo, do actual equipo co persoal dos medios públicos; despois de atoparse ademais no 2009 cunha temporalidade do 40 %.

A CRTVG ten tamén un claro compromiso coa igualdade, o que se reflicte en todas as normas, todos os principios, todos os regulamentos que ten aprobados e no seu traballo para visibilizar a igualdade coa presenza de mulleres en programas, en debates como expertas que opinan en todos os ámbitos, promovendo dende hai tempo unha verdadeira cultura do deporte feminino, con cobertura en toda a actualidade que xeran as deportistas galegas, con máis mulleres que homes nos postos directivos no Consello de Administración, non existe fenda salarial entre traballadores e traballadoras, impleméntanse medidas de conciliación constantemente.

O informe tamén adica, como dicíamos na primeira intervención, unha parte importante aos programas informativos, un dos piares da CRTVG que seguen a ser a referencia da cidadanía, esa cidadanía plural. Polo tanto, se a cidadanía é plural e os informativos son a referencia da cidadanía é que os informativos respectan esa pluralidade. Iso ao final case unha propiedade, daquela que estudabamos nos conxuntos, os da EXB, a propiedade transitiva. Se A é B e B é C, C é A ou A é C. Por tanto, son froito dun traballo informativo con proximidade, con veracidade, con obxectividade, con neutralidade, con pluralidade.

Os que cuestionan os informativos e falan de manipulación non soportan a independencia dos xornalistas que desenvolvan o seu traballo de acordo con criterios profesionais. Controlan a CRTVE despois de nomear a unha militante socialista como presidenta interina, a axencia EFE cun exalto cargo de Sánchez, que foi nas listas do PSOE á Asemblea de Madrid, agora queren estender as medidas de control e asfixia económica para os que Sánchez chama os pseudomedios, que son calquera que informe con veracidade do que está a pasar no Goberno de España e a deriva autoritaria do PSOE.

Queren no Sanchismo que determine o que é un pseudomedio e unha pseudocrítica ou un bulo. ¿O Ministerio da Verdade? ¿O equipo de Bolaños? ¿Tezanos? ¿Algunha das enquisas que adolecen sempre de veracidade e de rigor? Todos os medios, todos os medios controlados polo Goberno sanchista, a censura de todo o que consideran ofensivo para o líder, a destrución do material impreso, das imaxes perigosas. Certamente os xornalistas teñen motivos para estar preocupados, pero para estar preocupados por este paquete de medidas do que falaba, dese ao que o Partido Socialista de Galicia non lle importa moito o que falan no Partido Socialista en Madrid.

Ben, conclúo.

Afirmaba hai poucos días a presidenta interina, Concepción Cascajosa —e reproduzo textualmente— que «a CRTVE vive un período convulso e que require pola súa parte un traballo máis exhaustivo no plano interno que no externo». Insisto, non lles interesa o tema dos medios; é dicir, que ten que dedicarse a intentar atallar os enfrontamentos e o caos no seno da CRTVE.

Pois ben, na CRTVG hai estabilidade, non hai liortas internas, non hai períodos convulsos e a Dirección Xeral pode dedicar todo o seu tempo a ofrecer o mellor servizo público á cidadanía galega. Esta memoria deixa claro que con moito éxito.

Quedámonos con esa frase do director xeral que mostra a actitude construtiva aberta e ambiciosa para que a Corporación siga facendo máis e mellor.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas.

A **presidenta (Arias Rodríguez)**: Moitas grazas, señora Pomar. E grazas tamén por axustarse ao tempo.

Dámoslle a palabra para o turno de peche ao señor director xeral, por un tempo de cinco minutos.

O director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia (Sánchez Izquierdo): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi breve.

Señoría Longueira, o caso concreto dun traballador que vostede citou non é verdade, non é así. Non o digo eu, non o digo, dino as sentenzas dos tribunais. Os supostos, os feitos aos que vostede alude, non se compadecen, non se corresponden coa realidade. Digo, non o digo eu, dino os tribunais.

Tamén o que quero dicirlle é que vostede saberá como se fai iso do tratamento da información, vostede debe de sabelo. Eu si que non o sei. Que vostede sabe como se fan esas cousas, pois sinceramente, non sei como se fan esas cousas. Nunca na miña vida profesional fixen esas cousas. Por tanto, non sei como se fan. E ademais non quero sabelo.

¡Home!, sacar outra vez o argumento do desmantelamento da TVG, despois dos investimentos que se están a facer do despregue de novas plataformas —aquí estaba a señoría Rodil sen ir máis lonxe—, do crecemento que vai haber no orzamento do vindeiro ano, etcétera. Seguir falando de desmantelamento soa un pouco a déjà vu como mínimo.

Non vou ser eu quen cuestione o papel de TV3 e a relevancia desa organización. Respéctoo moito, considéroos moito, pero, home, tamén facer comparanzas cun orzamento de catro veces o da TVG, pois non sei, non me parece unha cousa moi proporcionada.

E, arredor da súa referencia ao tema do plató e do despregue da pantalla do plató que vostede comenta e plantexa, non vou dicir nada porque hai unha pregunta que responderemos agora sobre este tema en concreto.

Señoría Rodil, exceso de tempos, o recorte de tempos. Se quere cítolle o exceso de tempos en termos estatísticos que voceiros e voceiras do BNG teñen na TVG, sobrepasados de tempo. Podo facerlle chegar toda esa documentación, non hai ningún problema. Pero vale, aí estamos.

A súa mención á miña presenza aquí de servizo público como unha obriga. Obviamente, obviamente. Tan é así que dende hai sete anos o fago, antes, non se facía, ¡eh! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E existía a obriga e existía a obriga.

A súa minusvalorización dos valores que lle acabo de dar da enquisa que acabo de citar. ¡Home!, é unha enquisa igual á que se fai noutras televisións públicas,

coas mesmas preguntas, coa mesma metodoloxía, etcétera. É dicir, que, se non vale para nós, non vale para os demais ou, se vale para os demais, tamén debería valer para nós. Dígoo ata aí.

Sobre as audiencias, que me chama a atención a súa preocupación e ademais ten clarísimo cal é o diagnóstico, etcétera. Sería fantástico que tiveramos todos tan claro o diagnóstico, ¿non? Porque resulta que ese problema o teñen todos os directores das televisións autonómicas que hai neste momento en España dende hai tres meses. ¿Que pasa dende hai tres meses para aquí? Pero non vou entrar nesa cuestión. Se quere, algún día lle explico que transfondo hai no tema este dos datos de Kantar Media ao respecto.

E arredor do seu cuestionamiento do EXM iso levaríame a facerme unha pregunta: ¿Os datos do EXM tampouco valen para a principal canle de radio que se escoitan en Galicia? ¿Tampouco serían dignos de consideración e de atención? Por exemplo, pregunto. Se non valen para unha cousa, non valen para outra.

E si que concordo con vostede absolutamente nas súas expectativas ao redor da plataforma nova da OTT. Ben é verdade que non hai ninguén —e aí diríxome xa á señora Pomar—, non hai ningún CEO responsable hoxe en día que poida garantir o éxito e o futuro das iniciativas que estamos a despregar hoxe. Non podemos. Eu non o podo afirmar, pero ningún outro CEO do sector audiovisual pode dicirnos en cinco anos vamos a estar en tal sitio, en dez anos vamos a estar en tal lugar. Non o sabemos, non o sabe nin o máximo responsable de Netflix, non o sabemos. De feito, no mundo das plataformas eu agardo que haxa grandes acontecementos en curto prazo de tempo, non o sabemos. Agora o que si sabemos é que temos que intentalo e que esa é unha ferramenta —a nova plataforma— idónea para intentar posicionarnos no futuro. Pero garantías de éxito, se un é responsable e debo de selo e, especialmente, nesta Cámara non podo garantir éxitos futuros. Vamos pelexalo, pero isto non podo garantilo en absoluto.

O que si podo dicirlles é que imos aplicar máis recursos económicos nos próximos tempos, vamos a aplicalos a contidos da OTT. Imos ter un orzamento o ano que vén —agardo se o Parlamento o convalida—, de máis de 13 millóns de euros que este ano; agardo que o convalide este Parlamento. Iso nos vai a dar un percorrido importante en orzamentos, pero nos vai dar tamén percorrido para seguir nunha política de investimentos tecnolóxicos, especialmente na radio neste caso, porque entendemos que a televisión xa está ben dotada dende un punto de vista tecnolóxico, aínda pode mellorar, pero está nun estadio bastante razoable, pero a radio si que necesita dun esforzo investidor adicional.

E tamén imos facer un investimento importante no proceso de dixitalización do arquivo histórico. Esa é unha tarefa complexa, vai requirir un mínimo de cinco anos, despregala, pero ao longo deste ano xa comezaremos a facer traballos.

E máis nada, señora presidenta.

A **presidenta (Arias Rodríguez)**: Moitas grazas señor Sánchez Izquierdo.

E xa damos paso ao punto 2º da orde do día, o punto de preguntas ...